

**INSTRUCCIÓN IX/2013 DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA RELATIVA Á APLICACIÓN DA REDUCIÓN DE RETRIBUCIÓNS DISPOSTAS NOS ARTIGOS 37 E 38 DA LEI 2/2013, DO 27 DE FEBREIRO, DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, PARA O ANO 2013**

A Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, DOG do día 28, regula nos artigos 37 e 38 do Capítulo III do Título II, a autorización ás Universidades do Sistema universitario de Galicia dos custos de persoal e das retribucións adicionais correspondentes aos complementos retributivos autonómicos.

O **artigo 37**, tras autorizar o límite máximo dos custos de cada Universidade, sinala no seus puntos:

*"Dous. As retribucións do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia reduciranse nunha porcentaxe equivalente á obtida da aplicación do indicado na letra d) da alínea Un do artigo 21 desta lei sobre as retribucións íntegras anuais do persoal funcionario da Xunta de Galicia, e este axuste deberá supoñer no seu conxunto un 5 % da masa salarial de cada entidade.*

*Tres. A devandita redución aplicarase sobre os conceptos retributivos dos que a súa regulación non sexa de competencia estatal e acordarase ao abeiro das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, respectando o exercicio da autonomía universitaria. Esta redución seralle aplicable a todo o persoal conforme as súas retribucións íntegras anuais e independentemente da súa relación laboral e da aplicación orzamentaria coa que se financie.*

*Catro. Para o caso de que ao longo do exercicio 2013 se modifique a normativa básica do Estado en materia retributiva, esta redución será absorbida por ela."*

A continuación o **artigo 38**, establece as contías das retribucións adicionais correspondentes aos complementos retributivos autonómicos vinculados ao recoñecemento ao labor docente, investigador, aos cargos de xestión e á excelencia curricular docente e investigadora, e sinala no apartado Dous: **"Sobre as anteriores contías practícaranse os axustes precisos para acadar a redución sinalada no artigo 37."**

Con data 26 de abril de 2013, e tras varias reunións coas xerencias das universidades galegas, que mostraron desde o primeiro momento un rexeitamento total a esta medida xeral de redución retributiva e observaron problemas para a aplicación técnica sobre os distintos colectivos de persoal, a Consellería de Facenda comunicou ás universidades, os *Criterios interpretativos sobre o axuste retributivo das entidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia previsto nos artigos 37 e 38 da Lei de Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.*

Tras as reunións celebradas, os días 16, 22 e 29 de maio e o 5 de xuño, coa Mesa Conxunta de Negociación Sindical, constituída para o efecto, e o día 12 de xuño, coas Mesas de PDI e de PAS, nas que non se puido acadar acordos, co obxecto de dar cumprimento ao mandato legal recollido na Lei 2/2013, e en aplicación dos criterios establecidos pola Consellería de Facenda,

A **XERENCIA**, no uso das competencias atribuídas pola resolución reitoral do 1 de agosto de 2011 (DOG do día 18) **DISPÓN**:

**PRIMEIRO. CÁLCULO DA REDUCIÓN RETRIBUTIVA**

A base para calcular a redución retributiva é o importe íntegro anual das retribucións de cada traballador/a, despois de descontar os trienios.

Sobre esta base aplicaranse as porcentaxes seguintes:

RETRIBUCIÓN		%
DESDE	ATA	
71.960,28		7,00%
66.835,56	71.960,27	6,90%
62.804,64	66.835,55	6,60%
55.060,04	62.804,63	6,30%
49.269,39	55.060,03	6,10%
42.312,69	49.269,38	5,75%
39.164,83	42.312,68	5,37%
33.354,96	39.164,82	5,19%
31.721,29	33.354,95	4,92%
28.735,26	31.721,28	4,56%
21.859,48	28.735,25	4,27%
13.551,30	21.859,47	4,21%
0,00	13.551,29 1,5 Salario Mínimo Interprofesional	0,00%

Aos colectivos cuxa xornada sexa inferior á completa, aplicaráselles a mesma porcentaxe que lles correspondería ao posto de traballo se realizara unha xornada completa.

**SEGUNDO. CONCEPTOS RETRIBUTIVOS SOBRE OS QUE SE PODERÁ APLICAR A REDUCIÓN**

Para acadar o importe resultante de aplicar as porcentaxes, segundo a establecido no punto anterior, a redución practicarase, por colectivos, sobre os seguintes conceptos retributivos por orde:

**1. Persoal funcionario docente e investigador**

- a) Complemento específico adicional que se percibe nas pagas extraordinarias de xuño e decembro.
- b) IPC galego.
- c) Complementos retributivos autonómicos.

**2. Persoal docente e investigador contratado laboral**

- a) Complemento específico adicional que se percibe nas pagas extraordinarias de xuño e decembro.



- b) IPC galego.
- c) Complementos retributivos autonómicos.
- d) De non ser suficiente a aplicación da redución sobre os conceptos anteriores, practicarase sobre os restantes conceptos retributivos.

### **3. Persoal funcionario docente e investigador vinculado do SERGAS**

Aplicarase a porcentaxe que corresponda sobre os conceptos que devengue na Universidade pola súa vinculación, na seguinte orde:

- a) Complemento específico adicional que se percibe nas pagas extraordinarias de xuño e decembro.
- b) IPC galego.
- c) Complementos retributivos autonómicos.

Polo que respecta aos conceptos devengados polo SERGAS, estarase ao disposto na citada Orde da Consellería de Facenda do 11 de marzo de 2013.

### **4. Persoal de administración e servizos funcionario**

- a) Complemento específico adicional dos meses de xuño e decembro.
- b) Complemento de produtividade.
- c) IPC galego.

### **5. Persoal de administración e servizos laboral**

- a) Paga adicional específico dos meses de xuño, setembro e decembro
- b) De non ser suficiente a aplicación da redución sobre os conceptos anteriores, practicarase sobre os restantes conceptos retributivos.

### **6. Persoal que percibe as súas retribucións con cargo a actividades de investigación**

A aplicación da redución derivada da porcentaxe que corresponda practicarase sobre o conxunto dos seus conceptos retributivos.

## **TERCEIRO. APLICACIÓN DA REDUCIÓN**

Unha vez determinada a redución que hai que aplicar, esta efectuarase nas nóminas correspondentes da seguinte maneira:

### **1. Se o importe a reducir é menor ou igual á suma das pagas adicionais do complemento específico**

- Non se percibirá a paga adicional do complemento específico das pagas extras de xuño e decembro, e no caso do PAS laboral tampouco a de setembro.
- No mes de decembro, se o importe das pagas adicionais é maior que o importe que hai que reducir, axustarase a diferenza e percibirase o importe que resulte.

### **2. Se o importe a reducir é maior que a suma das adicionais do complemento específico das extras.**

- Non se percibirá a paga adicional do complemento específico das pagas extras de xuño e decembro, e no caso do PAS laboral tampouco a de setembro.

- A diferenza ata chegar ao importe total a descontar ratearase nas mensualidades que van de xullo a decembro, 6 meses.

**3. Se as retribucións que se perciben non contemplan o pagamento das adicionais do complemento específico nas extras, ou as pagas extras se perciben de forma rateada.**

A minoración ratearase nas mensualidades que van de xullo a decembro, 6 meses.

**4. Límite na aplicación da redución**

Calculada a redución que corresponda, garantízase a percepción do 1,5 do salario mínimo interprofesional.

#### **CUARTO. OUTRAS DISPOSICIÓNS**

1. A partir do mes de xullo poderá consultarse no Portal do Empregado Público a situación persoal de cada traballador/a respecto á dedución que se está (que se lle vai practicar) practicando.

2. O conxunto da minoración retributiva especificarase na nómina mediante un concepto denominado "Medidas Reduc. Lei 2/2013".

3. Calquera modificación retributiva que se orixine no exercicio económico 2013, producirá unha actualización da base sobre a que se calculou a redución e, de ser o caso, da porcentaxe que se ven aplicando.

4. No caso do persoal contratado con cargo a actividades de investigación, de terse celebrados sucesivos contratos en distintas partidas orzamentarias, a minoración retributiva imputarase á partida pola que se retribúe o contrato, con independencia de que para o cálculo da base de redución, se teña en conta a totalidade dos subscritos dentro do ano 2013.

5. Na nómina correspondente ao mes de decembro, ou naquela na que o traballador/a cause baixa, practicarase a correspondente liquidación, polas diferenzas que se poideran ter dividigado, nos conceptos retributivos sobre os que se ten que aplicar a redución.

6. De acordo co establecido no artigo 87 do Real Decreto 439/2007, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto da Renda das Persoas Físicas, procederase a regularizar o tipo de retención do imposto con motivo das reducións retributivas previstas nesta Resolución.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2013

**A XERENTE**



M<sup>a</sup> Lourdes Batán Aira